

NOTA DE **renfe** COMITE CENTRO DE TRABAJO PONTEVEDRA

PRENSA

O COMITÉ DE RENFE EN PONTEVEDRA CONVOCA FOLGAS

O Comité de RENFE-Viaxeiros na provincia de Pontevedra, tras as Asembleas feitas c@s traballador@s do ámbito, acordou por unanimidade dos seus membros convocar PAROS LABORAIS dende o 23 de Xuño o 25 de Xullo nas seguintes datas e horarios :

DATAS	HORARIOS DAS FOLGAS
23 DE XUÑO 2018	14:00h A 18:00h
24 DE XUÑO 2018	09:30h A 13:30h.
29 DE XUÑO 2018	06:00h A 07:00h y 19:00 A 20:00h.
02 DE XULLO 2018	06:00h A 07:00h y 19:00 A 20:00h
13 DE XULLO 2018	06:00h A 07:00h y 19:00 A 20:00h
16 DE XULLO 2018	06:00h A 07:00h y 19:00 A 20:00h
24 DE XULLO 2018	14:00h A 18:00h
25 DE XULLO 2018	09:30h A 13:30h.

Estes paros veñen motivados pola **falta de cadro de persoal para cubrir dun xeito eficiente os postos de venda de billetes e información das estacións de Vigo-Guixar, Vigo-Urzaiz, Pontevedra e Vilagarcía**, que está a supoñer unha saturación de traballo @s compañeir@s das xanelas que está xerando situacións de estrés laboral, ameazas de agresións e imposibilidade de realizar o seu traballo nunhas condicións dignas minimamente aceptables, sen poder efectuar as pausas legalmente establecidas e instaurándose escenarios de tensión entre usuari@s e traballador@s que este Comité non pode permitir, ademais da redución da calidade dos servizos prestados @s viaxeir@s e os recortes nos horarios de venda, pra suplir a falta de persoal existente.

Así, RENFE procedeu a recortar a venda anticipada de billetes nas estacións de Vigo Guixar e Pontevedra pola falta de cadro de persoal que fai estas tarefas. Dende fai un mes aproximadamente só se venden billetes pra outros días na estación de **Guixar** de luns a domingos en horario de 15:15 hs a 19:30 hs (só 4 horas o día) cando anteriormente eran 9 horas todos os días. En **Pontevedra** a venda anticipada de billetes cancelouse os sábados, domingos e festivos.

Esta falta de persoal, repercute negativamente no servizo público que RENFE está obrigada a prestar, xa que **en moitas ocasións atópese en toda a estación só**

unh@ traballador@ de RENFE vendendo billetes, informando, facéndose cargo das máquinas autovenda, libro de reclamacións e canceladoras, etc etc, sen poder facer fronte a demanda existente en determinados trens, formándose longas colas que provocan o descontento e protestas d@s viaxeir@s que perden o tren ao non poder mercar o billete, tendo problemas @s traballador@s ata pra desfrutar dos períodos de descanso programados, ao non ter relevo e manterse a afluencia de viaxeir@s de xeito case continuo, especialmente no período que agora comeza de verán, onde a venda e informacións pra trens de longa distancia aumenta.

O Comité de empresa mantivo xuntanzas ca empresa no ámbito da Xerencia de Viaxeiros de Galiza e da Xefatura de RR.HH. de Madrid, tentando atopar solucións negociadas que pasan polo **ingreso de nov@s traballador@s no ámbito de Pontevedra, que cubran as vacantes existentes, as xubilacións previstas e as baixas por enfermidade que se producen**, consecuencia dun cadro de persoal cunha idade media de 55 anos, sendo necesario un relevo xeracional do persoal, con novos ingresos que estamos a reclamar, propoñéndolle a empresa que contrate de xeito indefinido persoal pra cubrir as necesidades de Vigo, Pontevedra e Vilagarcía na Oferta Pública de Emprego que RENFE ten en marcha.

Outro asunto que provoca os paros convocados e a **precaria interlocución nas xuntanzas bimestrales entre o Comité e a representación empresarial de RENFE**, que fai que teñamos puntos pendentes de solución desde fai máis dun ano, como instalación de referencias pra o estacionamento dos trens en dobre composición, solución á problemática do transporte de bicis en trens de LD e Internacionais, a entrega dos calendarios de vacacións actualizados de Intervención, Conducción e Canle de Venda, a entrega da copia básica dos contratos dos novos traballadores adscritos ao ámbito, a modificación de anuncios erróneos en S/121, a falta de luz en andenes de varias estacións, a concreción de cando un tren é apto pra circular polo túnel de As Maceiras, etc.

Tampouco as Direccións de RENFE de Protección Civil e Servizos Comerciais asiten as xuntanzas, quedando os problemas expostos polos representantes pendentes de xeito indefinido, o que supón unha degradación das canles de interlocución empresa-traballadores establecidos legalmente.

Por todo elo o Comité de Empresa de RENFE en Pontevedra convoca estas folgas, aos que convida a participar @s traballador@s de Intervención, Conducción, Administración e Xestión e Canle de Venda, solicitando a comprensión d@s viaxeir@s e responsabilizando a dirección de RENFE das molestias que podan causar, **lembrando que estamos a demandar mais traballador@s pra mellorar o servizo que prestamos @s usuari@s do ferrocarril galego.**

Vigo a 12 de Xuño de 2018

Contacto Comité:

Juan Carlos Costoya ☎ **661.40.29.77**

Carlos Díaz ☎ **628.56.04.50**

Juan Fco. Sánchez ☎ **617.71.96.70**

